

Información proceso de Admisión curso 2020-2021

Estimadas familias:

Hoxe, 6 de maio de 2020, foi publicado no DOG o [acordo polo que se restablece o proceso de admisión](#) de alumnado para o curso 2020-2021 en centros docentes sostidos con fondos públicos.

Novo **prazo de presentación** de solicitudes de admisión: **11 de maio a 18 de maio** de 2020, ambos inclusive (no noso centro o día **18 de maio é festivo**, polo que ese día tan só se poderá realizar a solicitude de forma telemática).

Horario de atención para recollida da documentación de admisión no centro: **10:00h a 13:00h**.

Lembrede que a Consellería pon á disposición das familias unha aplicación online que facilita o proceso de solicitude: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>.

Prégase continuar mantendo as normas de hixiene establecidas, polo que é aconsellable acudir ao centro con mascarilla e lavar as mans ou facer uso do xel hidroalcohólico situado no hall do centro.

Novos prazos do proceso:

Prazo de presentación de solicitudes de admisión.	11 maio a 18 maio 2020 (ambos inclusive). O día 18 de maio é festivo no centro, só se poderá realizar a solicitude de forma telemática.
Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo	Ata o día 26 de maio de 2020.
Publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido	Antes do 9 de xuño de 2020
Reclamacións contra as listaxes provisionais	3 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación das listaxes provisionais
Publicación das listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido	Ata o 26 de xuño de 2020
Formalización da matrícula ordinaria en educación secundaria obrigatoria	1 de xullo a 10 xullo de 2020
Prazo extraordinario formalización matrícula para alumnado de ESO que non superara o curso anterior na convocatoria de xuño	1 de setembro a 10 de setembro de 2020

Un saúdo,
Equipo Directivo.